

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, RENFE VIAJEROS SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL, S.A. E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con Renfe Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, S.A. e o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases e compromisos que deben de rexir as relacións entre a Axencia Turismo de Galicia, Renfe Viajeros e INORDE para a promoción conxunta de actividades relacionadas co ferrocarril e coa promoción turística de Galicia.

Entre estas actividades de colaboración atópanse, entre outras, a promoción do uso do ferrocarril como medio de transporte sostible e comprometido coa sociedade e o desenvolvemento e promoción das actividades culturais, turísticas e sociais da Comunidade Autónoma de Galicia en todas aquelas facetas relacionadas con este medio de transporte.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Renfe Viajeros ten como obxecto social principal a prestación de servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril, tanto nacional como internacional, a mediación na prestación de calquera servizo turísticos, organización, oferta e/ou comercialización de viaxes combinados ou produtos turísticos, así como a prestación doutros servizos ou actividades complementarias ou vinculadas ao transporte ferroviario.

Terceiro.- O INORDE de conformidade cos seus estatutos, é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins. O obxectivo da entidade é a promoción, o desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da provincia de Ourense, dirixindo as súas accións de forma especial, entre outras, a impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia.

Polo exposto as partes teñen interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas accións obxecto do presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que



se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

